

CAMPIONATO GALEGO UNIVERSITARIO DE CARREIRAS DE ORIENTACIÓN

Concello de Cenlle - 4 de maio de 2019

BOLETÍN 1

1. ORGANIZAN: Área de Benestar, Saúde e Deportes da Universidade de Vigo e Club Peña Trevinca Barco (Sección de Orientación).

2. PARTICIPANTES

Poderán participar tódolos membros das comunidades universitarias (estudantes, persoal de administración e servizos, e persoal docente e investigador, sen ningún límite de idade) das Universidades A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo.

Os Servizos de Deportes de cada unha das universidades comprobarán a pertenza das persoas inscritas ás súas comunidade universitaria.

3. INSCRICIÓNNS

Ata as 23:59 horas do día 25 de abril.

- USC e UDC: achegando un correo electrónico a deportes@uvigo.gal
- Participantes da Uvigo a través da web www.deporxest.uvigo.es

4. SEGUROS

O Club Peña Trevinca Barco, como responsable da organización conxunta do Campionato Galego en Idade Escolar e do Campionato Galego Universitario, subscribiría a correspondente póliza de responsabilidade civil para dar cobertura ao evento.

Pola súa banda, cada Universidade aportará os correspondentes seguros de accidentes para a cobertura dos/das deportistas representativos/as de cada unha delas.

5. DATA

Sábado 4 de maio de 2019.

6. LUGAR

Área Termal de Barbantes Estación, Concello de Cenlle (42.335617, -8.011518).

Mapa de Laias-Cenlle na bisbarra do Ribeiro, homologado segundo normas IOF. A zona de secretaría estará dentro do Campo de Fútbol de Barbantes-Estación, a 500m da zona de pre-saída. A meta estará a 500m (aprox.) da secretaría.

A zona de aparcamiento será na explanada que hai antes de chegar ao campo de fútbol de Barbantes-Estación (ver ANEXO 1).

7. HORARIO

- 09:30: Apertura da secretaría (acreditación, entrega de dorsais e pinzas electrónicas).
- 10:30: Saída do primeiro participante.
- 14:00: Entrega de medallas.

8. CATEGORÍAS

A competición disputarase en dúas categorías: individual feminina e individual masculina.

9. LUGAR DE CONCENTRACIÓN E ACREDITACIÓN

A zona de concentración situarse no Campo de Fútbol de Barbantes Estación, Cenlle (entrega de dorsais e tarxetas de control).

A acreditación das persoas participantes realizarase na zona de concentración a partir das 09:30 h.

Documentación necesaria: orixinais do DNI, pasaporte ou carné de conducir.

10. PERCORRIDOS

Haberá dous percorridos, un para cada categoría.

- UNIVERSITARIO FEMININO

Controis: 25 o Distancia: 4,8 km o Desnivel: 55 m

- UNIVERSITARIO MASCULINO

Controis: 27 o Distancia: 5,5 km o Desnivel: 55 m

11. MAPA

Empregarase o Mapa de Cenlle a escala 1:7500 con equidistancia de 5m, realizado por Alexandre Dos Reis durante o verán de 2013. Revisión de campo e actualización en febreiro de 2019.

Comprende unha zona de bosque ribeirán cunha boa rede de camiños e pequenas elevacións con pequenos bosques de mediana penetración e abundancia de terreo aberto; alternando con zonas de repoboación e cultivos. Recoméndase a utilización dos camiños na hora de facer ás transicións entre os puntos de control (balizas).

12. REGULAMENTO

Realizarase unha carreira diúrna a pé na modalidade Media en bosque/parque, esta proba será de tipo individual contra reloxo e desenvolverase na modalidade de orientación en liña. O participante terá que pasar obligatoriamente por todos os controis seguindo a orde numérica consecutiva marcada.

- Só pódese usar un compás analóxico como elemento de apoio, xunto co mapa que se entregue na saída. Está prohibido usar calquera outro aparello electrónico de axuda á navegación.
- O mapa entregarase na saída e será responsabilidade de cada corredor/a. Comprobar que corresponde á súa categoría.
- Non se permitirá a saída de corredores sen o seu dorsal.
A saída é “con chamada” e o corredor debe estar na saída 3 minutos antes da súa hora asignada. Haberá unha presaída (aviso) de 7 minutos dende a área termal.
- o É obligatorio pasar pola meta aínda que se produza o abandono, e descargar a pinza electrónica, para que lle conste á Organización.
- o Está prohibida a asistencia entre participantes, agás en caso de accidente, que é obligatoria.
- o Non está permitido falar con outros participantes.
- o Hai que respectar ás normas de circulación vial.
- o Na meta recolleráselle o mapa a cada participante, ata que todos os participantes tomen á saída.
- o O intervalo de saída entre dous corredores consecutivos da mesma categoría será, polo menos, de 2 minutos.
- o A hora de saída asignada será válida aínda que o corredor a tome con retraso.
- o Fíxase un tempo máximo de 2:30 horas para tódolos percorridos. Transcorrido ese tempo o participante quedará descualificado, e deberá regresar inmediatamente á zona de meta.
- o É obligatorio seguir os tramos de ruta marcados pola organización.
- o Poderán ser descualificados/as os/as corredores que cometan irregularidades antes, durante ou despois da carreira.
- o Os/as corredores/as deberán realizar a proba en silencio.
- o Queda prohibido adestrar na zona de competición dende a publicación do presente regulamento.

As normas aplicables a esta competición son as establecidas pola FEGADO para a XXVII Liga Galega de orientación a Pé do 2019.

13. SISTEMA DE CONTROL

Por medio de Pinza Electrónica Sportident. En caso de fallo do sistema Sportident o participante deberá marcar con pinza tradicional nas casiñas impresas (R1, R2, R3) no propio mapa para así certificar o paso polo control correspondente.

O club organizador asignará gratuitamente unha pinza electrónica a todo orientador que non a teña.

14 . POSIBLES INCIDENCIAS DO SPORTIDENT

Resumo do procedemento de actuación ante posibles incidencias Sportident

- o Corredor que non limpa a súa tarxeta na saída

É responsabilidade do corredor limpar na zona de saída (na estación sportident correspondente) a súa tarxeta. Todo corredor que por non limpar a súa tarxeta

de datos anteriores, se quede sen memoria nela, e chegue a meta con picadas no mapa por ese motivo, será desqualificado por erro en tarxeta.

- o Corredor que non descarga a súa tarxeta (pinza) Sportident ao rematar.
Todo corredor debe picar o punto meta (dobre círculo no mapa) e posteriormente ir descargar a súa tarxeta (pinza) onde estea previsto pola organización. Aceptarase como válido que os corredores descarguen as súas tarxetas ata a hora de peche da meta. Os corredores que non descarguen nese prazo serán considerados fóra de control.
- o Corredor ao que lle falta algún punto de control na tarxeta
Será automaticamente desqualificado. É responsabilidade do corredor asegurarse que o seu paso polo control quedou correctamente rexistrado na súa tarxeta, aspecto que indica o pitido e a luz da estación ao introducirlle a pinza sportident. Esta desqualificación inclúe todas as posibilidades, excepto que se comprobe que o sistema fallou. Entón, a estación non dá luz nin son, polo que o corredor é responsable de detectalo, e picar manualmente no lugar establecido para eses casos no seu mapa.
- o Corredor que entra en meta e non pica
Todo corredor que entre en meta e non pique o punto meta, pode volver a picalo. En cambio si deixou algún outro punto do seu percorrido sen picar, non pode volver ao terreo.

RECORDATORIO:

- o Limpar e comprobar a tarxeta ou pinza na saída.
- o Coidado con desqualificar por non esperar asubío e/ou luz na estación.
- o Comprobar que o código da estación que “picamos” pertence ao noso percorrido porque pode haber balizas próximas.
- o Seguir a orde numérica de controis no percorrido correspondente. Por exemplo, se se pica a 4 antes da 3, non se desqualifica se se volve a picar a 3, despois de novo a 4, e logo a 5, 6, etc.
- o É obligatorio picar na estación de meta, e despois descargar na estación-descarga na secretaría. Así comprobaremos que non queda ninguén “perdido” no monte.

15. CLASIFICACIÓN INDIVIDUAL

Faranse dous clasificacións, unha por cada unha das categorías. Levaran premio os tres primeiros clasificados de cada categoría.

16. CLASIFICACIÓN POR UNIVERSIDADES

Establecerase unha clasificación por universidades que resultará de considerar os resultados dos/das 6 mellores clasificados/as de cada Universidade: tres da categoría feminina e tres da masculina.

Para o cálculo das puntuacións terase en conta a seguinte regra:

1º clasificado/a: 100 puntos

Puntos corredor “n” = (tempo gañador/tempo corredor “n”) x 100

Entregaránse trofeos seguen a clasificación por universidades.

17. ALGUNHAS NORMAS E RECOMENDACIÓNNS

- o É obligatorio realizar o percorrido na orde indicada no mapa.
- o A carreira é individual. Non está permitido seguir a outros corredores.
- o É unha competición que se debe realizar en silencio.
- o Os orientadores teñen que ser respectuosos co medio natural polo que non deben tirar lixo ao chan en toda a zona de competición.
- o Levar unha muda para poder cambiarse despois da carreira, sobre todo calzado e calcetíns.

18. NORMAS DE PREVENCIÓN DE RISCOS E SEGURIDADE (LECTURA OBRIGATORIA)

- o Os orientadores participan na proba baixo a súa propia responsabilidade, asumindo os riscos inherentes ás carreiras de orientación a pé.
- o Tódolos participantes que tomen a saída están obrigados a pasar polo control de meta, áinda no caso de que non completen o percorrido, e descargar a súa tarxeta Sportident no lugar previsto pola organización para garantir que non quede ningúen no monte.
- o Lémbrese a tódolos participantes que están obrigados a cumplir as normas de circulación vial. Non se pode traspasar ningunha zona limitada por cinta, baixo pena de descualificación.
- o Coidado coas zonas con auga. Poden ser perigosas.
- o Está terminantemente prohibido cruzar a vía do tren. Non se pode traspasar ningunha zona limitada por cinta, baixo pena de descualificación.
- o Hai que cumplir as normas de circulación vial. A proba celebrárase nunha zona peonil sen tráfico de vehículos a motor, pero ocasionalmente pode aparecer algúin ciclista ou paseante.
- o Os campos de cultivo rodearanse polos bordes.
- o En todo momento, hai que respectar as propiedades públicas e privadas.
- o Haberá algunha estrada menor de moi escasa circulación, polas que se transitará coa máxima precaución.
- o Hai que transitar coa precaución debida, especialmente nas baixadas e co chan mollado. Pode haber folla caída que tape os camiños.
- o Os puntos de control estarán situados en lugares que non supoñen ningún risco para os competidores e na zona pola que transcorren os percorridos non existe ningún perigo especial destacable, diferente do que con leva o desprazamento a través do monte: terreo irregular, vexetación rastreira, ramas no chan,...
- o Haberá unha ambulancia na meta para atender a todos os corredores que o precisen.
- o Recordáselles aos participantes a obrigatoriedade de ofrecer axuda a todo participante que o precise por atoparse mancado.

ATENCIÓN: As duchas e a entrega de medallas terán lugar no Campo de Fútbol

19. MAPA DE LOCALIZACIÓN. VER ANEXO 1

20. COMITÉ DE COMPETICIÓN

O Comité de Competición estará formado por tres persoas: un/unha representante da Universidade organizadora (UVI) e un corredor/a de cada unha das outras Universidades participantes. As Universidades da Coruña e Santiago de Compostela farán constar no formulario de inscrición a persoa que designan para formar parte deste comité que resloverá as situacíons non previstas neste regulamento así como as posibles reclamacións.

Todo o non contemplado nos apartados anteriores resolverase de acordo cos Regulamentos Técnicos de Competición da FEGADO, FEDO e IOF.

21. ADESTRAMENTOS

Adicionalmente organizaranse **dous percorrido para federados**, uno de nivel avanzado, OPEN TÉCNICO (Controis: 26 o Distancia: 5,3 km o Desnivel: 55 m) , e outro para nenos federados de entre 6 e 10 anos, OPEN NENOS (Controis: 10 o Distancia: 1,4 km o Desnivel: 5 m)

IMPORTANTE: os percorridos de adestramento empregarán baliza Start, e os corredores poderán saír entre as 12:00 e as 13:00

ANEXO 1

CAMPIONATO UNIVERSITARIO DE ORIENTACIÓN A PÉ. CENLLE, 4/5/2019

ANEXO 1



Sociedad Atletica Barbantes
Lugar Barbantes, 4, 32450, Ourense
(42.336353, -8.011889)